



OBM PORTO DO SON

1ª PROBA DA III LIGA GALEGA DE OBM

27 de xuño de 2015

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

COLABORA

CONCELLO DE PORTO DO SON

SEGURIDADE



PREVENCIÓN DE RISCOS - INSTRUCCIONES DE SEGURIDADE

1ª PROBA DA III LIGA GALEGA DE OBM

Porto do Son

27/06/2015

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos propios das carreiras de orientación en bicicleta de montaña.
2. No caso de menores de idade, ademais, os respectivos clubs son os responsables de asignar a estes participantes ó percorrido adecuado, segundo o seu nivel físico e técnico, debendo, no seu caso, proceder a inscribilos en percorridos de iniciación.
3. Unha vez avaliados os riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente dos seguintes aspectos:

▲ **¡ATENCIÓN: ESTRADAS!**

Na área de competición existen varias estradas e pistas asfaltadas. Aínda que non presentan apenas volume de circulación de vehículos de motor, os competidores están obrigados a cumprir estritamente as normas de circulación. Hai, ademais, unha estrada prohibida, que non é preciso utilizar en ningún percorrido e un pequeno tramo de estrada prohibida na zona de competición que determinará a elección de ruta para algúns percorridos. Atención!

▲ **¡ATENCIÓN: FIRME IRREGULAR!**

A proba descorre por zonas con pistas e camiños de alta velocidade que, polo seu carácter forestal, están sometidas a cambios repentinos no seu firme. No mapa tentou representarse de maneira fiel o tipo de vía e o nivel de ciclabilidade. Así a todo, poden aparecer nos camiños e pistas irregularidades potencialmente perigosas. Rógase prudencia, sobre todo naquelas zonas máis rápidas.

▲ ¡ATENCIÓN: MOTOS E VEHÍCULOS DE MOTOR!.

Algunhas zonas do mapa de competición son frecuentadas por afeccionados ó motocross. Ademais, ó tratarse dunha zona rural, hai posibilidades de atoparse con vehículos agrícolas motorizados.

▲ ¡ATENCIÓN: ANIMAIS SOLTOS!.

Pode darse a posibilidade de que en certas partes do mapa nos atopemos con animais semisalvaxes, que pertencen a unha explotación de porcos celtas. Aínda que tenden a fuxir perante da presenza de humanos, o seu comportamento é imprevisible e poden causar accidentes meténdose no medio dos camiños.

Tamén, é moi común por esta zona atopar manadas de cabalos e vacas do monte.

Nas zonas rurais, podemos atopar cans na contorna das casas.